

CONVENIO REGULADOR PARA A CONCESIÓN DIRECTA DA SUBVENCIÓN-CULTURAL PARA O ANO 2023 ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E A ASOCIACIÓN “PADROADO DA BANDA DE MÚSICA DE VILAGARCÍA DE AROUSA”

En Vilagarcía de Arousa, á data da sinatura electrónica

Dunha parte, **D. Alberto Varela Paz**, alcalde do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, con enderezo na Praza Ravella nº 1, 36600 de Vilagarcía de Arousa.

Doutra parte **D. Diego Torrado Miguéns**, Presidente da asociación Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa (A BANDA), con CIF: G36018547, e con enderezo social no edificio do antigo Colexio do Ramal, situado na Rúa Rosalía de Castro nº 14, 36600 en Vilagarcía de Arousa.

Ámbalas dúas partes recoñécense a representación e poder bastante para asinar o presente convenio con vixencia para o ano 2023, con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: XUSTIFICACIÓN DA CONCESIÓN DIRECTA DA SUBVENCIÓN

O **Concello de Vilagarcía de Arousa**, dentro das súas competencias atribuídas pola lexislación vixente, e no referente ás actividades e instalacións culturais, ten entre os seus propósitos a formación, fomento, promoción e produción de

actividades musicais, deseñando, apoiando e desenvolvendo actividades culturais de interese xeral.

A **Banda de Música de Vilagarcía de Arousa**, constituída ao abeiro da súa normativa específica, é única nas súas características dentro de Vilagarcía de Arousa, con máis de sesenta músicos organizados como conxunto instrumental de vento (metal e madeira), corda e percusión.

Mantén unha estreita colaboración co labor desenvolvido pola Escola Municipal de Música e o Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa. É unha entidade recoñecida por todos os cidadáns como algo propio. Representa un punto de referencia estable no proxecto musical da cidade, sendo fundamental no seu papel de promoción e difusión da mesma.

Cumpre unha dobre función sociocultural fundamental para o coñecemento, apoio didáctico e formación musical dos seus compoñentes e, dende a súa creación, un papel decisivo para dar a coñecer aos veciños e veciñas de Vilagarcía de Arousa os mellores temas da música clásica, moderna e contemporánea, en todos os xéneros e estilos e na promoción e difusión de proxectos de música ao vivo.

Ao mesmo tempo, pola súa importancia, está presente en moitos actos institucionais do Concello de Vilagarcía de Arousa.

SEGUNDA: OBXECTO DA SUBVENCIÓN

A presente subvención ten por obxecto **O FOMENTO DE ACTIVIDADES MUSICAIS, CULTURAIS E EDUCATIVAS A DESENVOLVER POLA BANDA DE MÚSICA DE VILAGARCÍA DE AROUSA (A BANDA).**

A Banda de Música contribuirá a satisfacer os intereses culturais e inquietudes musicais do Concello de Vilagarcía de Arousa e dos seus habitantes, mediante o desenvolvemento dunha dobre finalidade social e educativa, así como contribuír á conservación do patrimonio musical municipal, nos termos indicados no presente convenio.

TERCEIRA: FINANCIAMENTO

O Concello de Vilagarcía de Arousa, comprométese a subvencionar a actividade de **FOMENTO DE ACTIVIDADES MUSICAIS, CULTURAIS E EDUCATIVAS A DESENVOLVER DENTRO DO MUNICIPIO,**

Coa realización dun mínimo de **35 actuacións** entre os meses de xaneiro a decembro do ano 2023 (gasto elixible entre o 1 de novembro de 2022 ata o 31 de outubro de 2023) concedéndose a cantidade de **46.270,00€.- (CORENTA E SEIS MIL DOUSCENTAS SETENTA MIL EUROS)** con cargo á aplicación orzamentaria nas seguintes partidas orzamentarias, polos importes e con cargo ás aplicacións orzamentarias que de seguido se relacionan:

APLICACIÓN	IMPORTE/€
Gasto Ordinario 334-48205	38.770,00€.-
Gasto Inversións 334-78000	7.500,00€.-
TOTAL	46.270,00€.-

No caso de que o desenvolvemento da actividade subvencionada poña de manifesto a necesidade de variar a distribución económica dos importes inicialmente concedidos con cargo a cada unha das aplicacións, pola beneficiaria poderá presentarse proposta motivada de variación da distribución das contías sen que en ningún caso poida excederse do importe total concedido (46.270,00€)

A proposta será obxecto de fiscalización pola Intervención Municipal que, de ser favorable, dará lugar ao oportuno expediente de modificación orzamentaria por transferencia entre as aplicacións 334-48205 e 334-78000.

A presente subvención é compatible coa percepción doutras axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, poderá superar o custe da actividade subvencionada.

CUARTA: OBRIGAS DA BENEFICIARIA

O Padroado da Banda de Música, comprométese ao seguinte:

1. A destinar **7.500,00€.-, (SETE MIL CINCOCENTOS EUROS)** do seu orzamento anual, durante o ano de vixencia da presente subvención, para a adquisición de equipamento e material instrumental necesario para o desenvolvemento da actividade.
2. A destinar **38.770,00€.- (TRINTA OITO MIL SETECENTOS SETENTA EUROS)** do seu orzamento anual, durante o período de vixencia da presente subvención cultural para sufragar os gastos correntes derivados do normal funcionamento da asociación Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa.
3. Realizar un mínimo de **35 actuacións**, valorada cada unha en 1.322,00€.- (MIL TRESCENTO VINTE E DOUS EUROS) para o Concello de Vilagarcía de Arousa ao longo do ano 2023, naqueles eventos musicais que se consideren de especial relevancia, coa seguinte previsión de programación:
 - A. A realización de **5 actuacións** da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa xa fixadas para este ano 2023:

Número	Mes	Motivo	Lugar
1	5 de Xaneiro	Cabalgata	Vilagarcía de Arousa
2	22 de Maio	Procesión Santa Rita	Vilagarcía de Arousa
3	15 de Agosto	San Roquiño	Vilagarcía de Arousa
4	16 de Agosto	Subida San Roque (mañana)	Vilagarcía de Arousa
5	16 de Agosto	Procesión San Roque (tarde)	Vilagarcía de Arousa

B. A realización de **5 concertos** da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa xa fixadas para este ano 2023:

Número	Mes	Motivo	Lugar
1	18 de marzo	Concerto do Día do Pai	Vilagarcía de Arousa
2	21 de Maio	Concerto Santa Rita	Vilagarcía de Arousa
3 e 4	16 de Xullo	A Banda na Rúa	Vilagarcía de Arousa
5	Agosto	Concerto de Agosto	Vilagarcía de Arousa

Nota: No caso do concerto do 16 de xullo ao ser un concerto especial (proxectos) o valor de actuación será dobre, debido aos custes elevados de repertorio (partituras), convidados, material e músicos de apoio, entre outros.

4. A realización de **25 actuacións** da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa, nos lugares que a Corporación considere oportuno, permitindo achegar o labor cultural e musical a todo o municipio, cumprindo coa demanda actual das asociacións veciñais e comisións de festas.

4.1 Estas actuacións celebraranse en sábados, domingos ou festivos coincidindo coas festas patronais ou diversas celebracións nas distintas parroquias e núcleos de poboación do noso concello e en coordinación cos membros do Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa, que na maioría dos casos están en idade escolar ou están suxeitos a responsabilidades lectivas e laborais.

4.2 A Banda ofrecerá aos solicitantes dous formatos de actuación:

1º Formato tradicional (pasacalle + procesión)

2º Formato Concerto Popular

Nota: En ningún dos casos por un tempo superior a 60 minutos e inferior a 45 minutos.

5. Colaborar cos dous centros educativos musicais do Concello de Vilagarcía de Arousa: a Escola Municipal de Música e o Conservatorio Profesional de Música; segundo as canles que se establezan no seu momento.
6. Encargarse da incorporación de novos músicos, formando e axudando nos seus estudos musicais tanto na Escola de Municipal de Música como no Conservatorio Profesional de Música.
7. Programar actividades que fomenten a convivencia do grupo e o coñecemento dos membros da Banda.
8. Incluír en todos os seus concertos, producións, espectáculos e publicacións, a imaxe corporativa que nese momento teña establecida o Concello de Vilagarcía de Arousa.
9. Responsabilizarse dos membros da BANDA DE MÚSICA, tanto en accidentes como en responsabilidade civil, dentro e fóra de Vilagarcía de Arousa, subscribindo as correspondentes pólizas de seguros.
10. Cumprir o obxecto, executar con eficiencia o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
11. Xustificar ante o órgano que concede a subvención ou a entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.
12. Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano que concede a subvención ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como a

calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

13. Comunicar ao órgano que concede a subvención ou a entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
14. Acreditar documentalmente con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión que se está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, nin co CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA na forma que se determine regulamentariamente de acordo coa lexislación vixente.
15. A Banda comprométese a conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
16. A asociación comprométese, a estar ao corrente coas súas obrigas tributarias (co Estado e coa Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social e a non ter débedas de ningún tipo co Concello de Vilagarcía de Arousa.
17. Establecerase un réxime de ensaios que sexa compatible coa programación cultural que se desenvolva no Auditorio Municipal. Ese calendario será informado ao departamento de Cultura que en función das necesidades das distintas programacións poderá modificalo.

QUINTA: OBRIGAS DO CONCELLO

1. O Concello comprométese á colocación das tarimas por parte do persoal que determine, para todos os concertos que realice a Banda de Música de Vilagarcía de Arousa no Auditorio Municipal, por motivos técnicos e previa petición da Banda.
2. O Concello comprométese a divulgar por todos os canles de que dispón, todas as actuacións de dita agrupación.
3. Unha vez xustificado debidamente nos termos da lexislación vixente o cumprimento do obxecto da subvención, e fiscalizado de conformidade, o Concello comprométese ao recoñecemento da obriga e pagamento da subvención.
4. Para o recoñecemento da obriga é imprescindible a execución íntegra do obxecto da subvención no seu labor social e educativo, así como de conservación do patrimonio, o que deberá ser valorado polo órgano de xestión responsable da área, e debidamente xustificado.
5. Permitir ao Padroado da Banda de Música de Vilagarcía a utilización do local situado nos baixos do Auditorio Municipal, Praza da II República, CP: 36600, Vilagarcía de Arousa.
6. Facilitar ao Padroado da Banda de Música de Vilagarcía, nas actuacións organizadas pola Concellería de Cultura de Vilagarcía de Arousa, o transporte e carga do material necesario por parte do servizo de obras do concello.

SEXTA: GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Considéranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade e segundo o disposto no art. 29 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

2. Non serán subvencionables os gastos por dietas e desprazamentos que non garden relación coas actividades recollidas neste convenio, así como calquera gasto que derive de actividades propias da asociación salvo autorización expresa da Concellería de Cultura.
3. Os gastos de desprazamento da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa (Autobús) a outros lugares do Concello onde sexa requirida a súa presenza, correrán por conta do solicitante (Comisión de Festas ou Asociación) non tendo a consideración de gastos subvencionables.
Si se considerarán gastos subvencionables cando estes sexan organizados pola propia Concellería de Cultura e supoñan un gasto adicional á propia Banda, a suma de ditos gastos poderán ser motivo da resta de algunha actuación.
4. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017 de 9 de novembro de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten o subministren, ou salvo que o gasto se tivese realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

SÉTIMA: APROBACIÓN DO GASTO E PAGAMENTO

1. Considerando a especial natureza da actividade subvencionada e que a maioría das actuacións realízanse na época estival, e que sen embargo para obter uns resultados de calidade a actividade formativa e educativa realizase dende o inicio do ano, provoca unha situación que fai necesaria realizar

compras de instrumentos, partituras, uniformes, entre outras; propónse o recoñecemento da obrigaón do 50% da axuda comprometida (23.135,00 €) no momento da aprobación do presente convenio, e o pago anticipado co carácter de entregas de fondos previas á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de Subvencións de Galicia.

2. O pagamento íntegro da subvención será efectiva unha vez realizada a actividade subvencionada, previa presentación da documentación xustificativa da mesma na sede electrónica do Concello de Vilagarcía (sede.vilagarcia.gal), segundo a Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De conformidade co disposto no apartado 6º do artigo 31 da Lei de Subvencións de Galicia a presente subvención ten o carácter de prepagable, o que implica que dada a imposibilidade de que pola entidade beneficiaria se acometan as actividades inherentes ao obxecto subvencionado sen a previa obtención da fonte de financiamento que lle supón a presente subvención, por carecer da liquidez necesaria e con anterioridade á presentación da conta xustificativa, o Concello comprométese ao pagamento de seguinte xeito:

- a) **1º PAGO:** Logo da aprobación da sinatura do convenio pola Xunta de Goberno Local (XGL), procederase á transferencia do 50% da cantidade total correspondente.
- b) **2ª PAGO:** previa solicitude e xustificando os motivos para un novo adianto, poderase solicitar un 2º pago do 25% do total do convenio

- c) **3º PAGO:** O pago do 25% restante da subvención realizarase despois da xustificación definitiva pola Banda da realización do obxecto e actividades previstas nos termos establecidos no presente convenio.

OITAVA: PRAZO XUSTIFICACIÓN

A data límite para a presentación da documentación xustificativa definitiva é o **30 de novembro de 2023**.

A xustificación deberá presentarse o antes posible no Concello sempre e cando conten coa documentación suficiente para xustificar a cantidade concedida (**gasto elixible do 1 de novembro de 2022 ata o 31 de outubro de 2023**).

NOVENA: DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN

A Banda comprométese a xustificar durante o ano de vixencia da SUBVENCIÓN-CULTURAL, a cantidade acordada, con todos os documentos necesarios nos termos do artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia 9/2007, e en todo caso como data máxima o 30 de novembro de 2023, a través de instancia dirixida ao Departamento correspondente do Concello (modelos anexos), deberá presentar no Rexistro Electrónico do Concello (sede.vilagarcia.gal) a seguinte documentación xustificativa:

- Deberá xustificarse o 100% do importe subvencionado para a percepción íntegra da subvención, unha menor xustificación dará lugar a un recoñecemento proporcional da axuda comprometida.
- Considerase gasto realizado aquel que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

A efectos de XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA, será requisito necesario a presentación, mediante escrito dirixido á Concellería de Cultura, da **Conta xustificativa** que conterá:

1. **ANEXO I.-** Balance de ingresos e gastos previstos da actividade
2. **Memoria de actuacións** con indicación das actividades realizadas, público estimado asistente por cada concerto, asinada polo representante legal da entidade.
3. **ANEXO II.- Memoria económica** xustificativa do custo segundo o Modelo de Conta Xustificativa de subvencións, asinada polo representante legal da entidade, que conterá:
 - Relación ordenada de todos os gastos realizados no proxecto subvencionado, con identificación da factura, importe e proveedor.
 - Relación detallada de todos os ingresos cos que se financiou a actividade (incluíndo a subvención concedida) con indicación do seu importe e procedencia.
4. **ANEXO III.- Relación ordenada de facturas/gastos** para xustificar a subvención concedida polo Concello.
5. **Facturas orixinais** cos requisitos establecidos no R.D. 1619/2012, xustificativas do gasto subvencionado dende o 1 de novembro de 2023 e ata o 31 de outubro de 2023.
 - a. Como mínimo conterán:
 - nº de factura coa indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión.
 - Denominación social, NIF e domicilio de quen expide a factura e do destinatario.
 - Descrición e data de realización da operación.

- Importe, desagregación do IVE con indicación do tipo aplicable e total. Non se admitirán facturas no que se faga constar “IVE ENGADIDO”.
 - Recargas, descontos e retencións aplicables.
- b. Ademais nas facturas, deberá acreditarse o seu pagamento da seguinte forma:
- En todas as facturas deberá aparecer conxuntamente as seguintes indicacións:
 - “Pagado” ou “Recibín”,
 - Data do pago
 - Sinatura e identificación da mesma (DNI ou nome completo de quen asina)
 - Selo da empresa.
 - Cando a factura teña sido pagada mediante transferencia bancaria ou talón deberá aportarse extracto bancario que xustifique a transferencia ou ingreso na conta do beneficiario.
 - As operacións cun importe superior aos 1.000,00€.- (MIL EUROS) de acordo co previsto na lei 11/2021 de 9 de xullo, Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal que modifica o artigo 7 da Lei 7/2012 de 29 de Outubro, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante o cargo na conta bancaria correspondente.
 - No caso do que o pago non poida facerse por medios electrónicos, deberá aparecer conxuntamente as seguintes indicacións:
 1. “Pagado” ou “recibín”,
 2. Data do pago

3. Firma e identificación da mesma (DNI ou nome completo de que asina)
4. Selo da empresa.
6. No caso de gastos imputables á actividade, como nóminas ou porcentaxes de facturas, deberán acompañarse estas de informe onde se certifique a porcentaxe aplicable á actividade.
7. **ANEXO IV.**- Declaración responsable ou Certificados de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. (Certificados da AEAT, Consellería de Facenda e Seguridade Social).
 - Segundo o artigo 11. h) e i) do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro (Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia), unha Declaración Responsable do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social substituirá aos certificados sinalados anteriormente nas subvencións para gastos correntes (capítulo IV) e naquelas subvencións para gastos de capital (capítulo VII) nas que a cantidade a outorgar a cada beneficiario non supera os 3.000 €.
8. **Certificación bancaria** do número de conta.
9. **Fotocopia DNI** do/da representante da Entidade.
10. **Fotocopia do NIF** da entidade.
11. **Certificación** expedida polo secretario/a da entidade solicitante, de que a persoa que asina a solicitude é a representante legal da entidade ou documento de nomeamento da mesma.

Unha vez finalizado o exercicio 2023, a documentación económica correspondente á totalidade da actividade deberá estar a disposición dos órganos do Concello que precisen realizar labores de comprobación e/ou fiscalización.

12. Á Intervención municipal correspóndelle a competencia para exercer o control financeiro da subvención. De acordo ao establecido no art. 44 da LSG o control financeiro da subvención poderá abarcar:

- O exame dos rexistros contables, contas ou estados financeiros e a documentación que os soporte de beneficiarios e entidades colaboradoras.
- O exame de operacións individualizadas e concretas relacionadas ou que puideran afectar ás subvencións concedidas.
- A comprobación de aspectos parciais e concretos dunha serie de actos relacionados ou que puidesen afectar ás subvencións concedidas.
- A comprobación material dos investimentos financiados.
- As actuacións concretas de control que deban realizarse conforme ao que en cada caso estableza a normativa reguladora da subvención e, no seu caso, a resolución de concesión.
- Calquera outra comprobación que resulte necesaria en atención ás características especiais das actividades subvencionadas.

DÉCIMA: FORMA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN NO REXISTRO ELECTRÓNICO DO CONCELLO

A confección de toda a documentación realizarase a través da Plataforma de Xestión de Subvencións, na dirección <https://vilagarcia.cluber.es> no que terán a súa disposición os Balances, a Conta Xustificativa e anexos dos modelos normalizados e, na que obrigatoriamente deberán subir toda a documentación e unha vez validada, xera uns PDF finais en formato oficial, que deberán ser asinados dixitalmente polo representante legal da entidade beneficiaria e, rexistrarse na Sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Tendo en conta que o rexistro electrónico do Concello non admite arquivos que superen na súa totalidade os 10 Mb ou non admite determinados formatos, deberán cumprirse as seguintes normas de presentación:

- Un PDF que conteña un índice de toda a documentación presentada.
- Un PDF por cada anexo.
- Un PDF cos certificados de estar ao corrente coas distintas administracións públicas, no caso que corresponda.
- Un PDF coa documentación que se esixe nos puntos 8 a 11 da cláusula novena do presente convenio e no mesmo orden en que piden.
- Un PDF coa listaxe de facturas (Anexo III)
- Un PDF coas facturas e xustificantes de pago do Anexo III coas correspondentes facturas e os seus xustificantes de pago, ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante da factura 2 da relación, etc.)
- Calquera outro documento que se queira agregar que deberá vir de xeito independente.

Toda a documentación deberá vir asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

Os distintos arquivos deberan ter unha denominación acorde co contido do documento que permita a súa localización e identificación.

No caso de que a documentación presentada supere os 10 Mb deberá realizar tantos rexistros electrónicos como sexan necesarios para presentar a documentación, indicando nos sucesivos rexistros o número do primeiro rexistro e numerando en función do número de rexistros do seguinte xeito: Por exemplo no caso de que sexan necesarios 4 rexistros: 1/4, 2/4, 3/4 e 4/4.

O incumprimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será causa de devolución da documentación para emendar.

DÉCIMO PRIMEIRA: CESIÓN EN PRECARIO DO LOCAL DE ENSAIO

Dada a natureza non lucrativa do Padroado, e que da utilización privativa do local de ensaio non se desprende ningún beneficio económico, e co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 92.5 da LPAP e 39 da LPG, a Banda de Música de Vilagarcía de Arousa, comprométese a realizar dúas (2) actuacións con carácter gratuíto no casco urbano e que non supoñan gasto a esta asociación, para compensar así os gastos de mantemento (electricidade, limpeza, etc.) do local de ensaio do que dispón a asociación nos baixos do Auditorio Municipal.

Para o ano 2023 as actuacións serán:

Número	Mes	Motivo	Lugar
1	Agosto	Pregón San Roque	Vilagarcía de Arousa
2	Decembro	José Gil e o Cinema Galego	Vilagarcía de Arousa

A Banda de Música de Vilagarcía de Arousa comprométese, por se fora necesario, a realizar dúas (2) actuacións a maiores, participando coa súa presenza en actos organizados pola Concellería de Cultura do Concello de Vilagarcía de Arousa, que en ningún caso poderán realizarse en beneficio de asociacións, comisións de festas ou similares.

A realización das presentes actuacións, queda fora do réxime recollido no presente convenio, por non ter a consideración de actividade subvencionable, polo que a denuncia do mesmo ou a perda da subvención non implicará a extinción da presente obriga, salvo que abandonen o local de ensaio nos baixos do Auditorio municipal.

Se o abandono do local producírase con posterioridade ao 1º semestre do exercicio, verá obrigada a realizar igualmente a totalidade das actuacións comprometidas.

DÉCIMO SEGUNDA: LABOR SOCIAL

O labor social que o Padroado da Banda de Música de Vilagarcía se compromete a realizar, verase materializada como mínimo nun total de 35 actuacións, nos termos indicados na cláusula 3ª do presente convenio.

O Concello de Vilagarcía de Arousa e a Banda de Música de Vilagarcía de Arousa comprométese a realizar dunha maneira equitativa e proporcional o reparto das actuacións en todo o territorio municipal, tendo preferencia aquelas solicitudes que sexan tramitadas entre xaneiro e maio de 2023 por parte das comisións de festas e asociacións de veciños do concello de Vilagarcía de Arousa.

Unha vez rematadas as 35 actuacións da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa, poderanse facer ata un máximo de 10 actuacións cun orzamento de 1.322,00€, (IVE engadido).

DÉCIMO TERCEIRA: LABOR EDUCATIVO

O labor educativo que o Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa se compromete a realizar, verase materializada nos seguintes ámbitos:

1. Integrar como educandos dentro da súa colectividade a todos os alumnos e alumnas da Escola Municipal de Música e do Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa, que sexan propostos/as polos/as mesmos/as e que estean interesados/as en formar parte desta agrupación, complementando desta maneira os estudos musicais cunha agrupación de recoñecido prestixio, como é a Banda de Música de Vilagarcía.
2. Na actualidade están integrados dentro da Banda de Música de Vilagarcía 55 músicos-educandos.

DÉCIMO CUARTA: CONTRIBUCIÓN AO PATRIMONIO MUNICIPAL

O Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa comprométese a seguir dotando de arquivo musical, e no caso de disolución, poñer a disposición do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa todo o material de arquivo.

DÉCIMO QUINTA: SEGUIMIENTO E CONTROL DO CONVENIO

O seguimento será realizado conxuntamente, nos ámbitos correspondentes, polo Presidente da Xunta Directiva do Padroado e polo Director da Banda de Música de Vilagarcía, debendo contar co visto e prace da/o Concelleira/o de Cultura do Concello de Vilagarcía de Arousa, de acordo coas súas funcións e competencias, emitindo en cada caso e momento os informes que se lles soliciten e sexan preceptivos, e como mínimo un Informe-Memoria que acompañará á xustificación da subvención concedida.

DÉCIMO SEXTA: CAUSAS DE REINTEGRO

Procederá o reintegro da subvención sempre que se dean calquera das circunstancias que se establecen nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia ou nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

En proba de conformidade, selan e asinan por ambas partes a presente SUBVENCIÓN-CULTURAL, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalada no encabezamento, quedando un exemplar en poder de cada unha das partes.

Polo Concello de Vilagarcía de Arousa o Alcalde-Presidente D. Alberto Varela Paz e por parte do Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa, D. Diego Torrado Miguéns.

Asdo.

Asdo.

D. Alberto Varela Paz
Alcalde-Presidente

D. Diego Torrado Miguéns
Presidente

ANEXO I

Información xeral da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa

Presidenta Asociación: Diego Torrado Miguéns

Director Artístico: Jesús Nogueira Franco

Número de Compoñentes: 55

Dirección Postal: Rosalía de Castro 14

36600 – Vilagarcía de Arousa

Local de ensaio: Baixos do Auditorio

Teléfonos de contacto: 626.276.478 (Presidente)

607.408.910 (Director)

Email: concertbandvilagarcia@gmail.com

Composición da Xunta Directiva do Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa

Presidente	Diego Torrado Miguéns	DNI: 76.895.536-G
Vicepresidenta	Marta Novoa Iglesias	DNI: 76.622.764-N
Secretaria	M ^a Jesús Penas Chaves	DNI: 35.484.021-K
Tesoureiro	Miguel Álvarez Vilas	DNI: 35.602.904-P
Vogal 1	Gregor Allemann Barreiro	DNI: 35.627.021-K
Vogal 2	Miguel A. Fandiño González	DNI: 35.478.373-E
Vogal 3	Cristina Gómez Crespo	DNI: 35.478.949-T

Entidade Bancaria

ABANCA

Praza de Galicia – Vilagarcía de Arousa

ES67	2080	5067	1130	4004	2845
-------------	-------------	-------------	-------------	-------------	-------------